

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### XEFATURA DO ESTADO

**14809** *Real decreto lei 13/2011, do 16 de setembro, polo que se restablece o imposto sobre o patrimonio, con carácter temporal.*

A necesidade de asegurar a estabilidade da nosa economía e favorecer a recuperación e o emprego aconsella a adopción de novas medidas tributarias que reforcen os ingresos públicos.

Na configuración destas medidas, que complementan outras xa adoptadas, resulta esencial a aplicación do principio de equidade para que haxa unha maior contribución á saída da crise por parte dos que teñen unha maior capacidade económica.

Así, as circunstancias actuais e os efectos da crise económica fan necesario o restablecemento efectivo do imposto sobre o patrimonio, de tal maneira que aqueles que máis teñen contribúan en maior medida á saída da crise, reforzando o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria asumidos por España.

O imposto sobre o patrimonio estableceuse pola Lei 19/1991, do 6 de xuño, e foi materialmente exixible ata a entrada en vigor da Lei 4/2008, do 23 de decembro, pola que se suprime o gravame do imposto sobre o patrimonio, se xeneraliza o sistema de devolución mensual no imposto sobre o valor engadido e se introducen outras modificacións na normativa tributaria. Esta norma, sen derogalo, eliminou a obriga efectiva de contribuír polo imposto sobre o patrimonio, entre outras razóns por ter diminuído a súa capacidade redistributiva ao gravar principalmente patrimonios medios.

Para excluír do gravame os contribuíntes cun patrimonio medio auméntase significativamente o límite para a exención da vivenda habitual, así como o mínimo exento que se viña aplicando no imposto antes de 2008, sen prexuízo das competencias normativas que sobre esta materia posúen as comunidades autónomas.

Por tanto, o obxectivo do restablecemento do gravame do imposto é a obtención dunha recadación adicional, ao mesmo tempo que reforzar o principio de equidade, o que se logrará permitindo gravar a capacidade contributiva adicional que a posesión dun gran patrimonio representa. Con isto lograrase unha mellor distribución da renda e da riqueza complementando, nestes momentos de especiais dificultades orzamentarias, o papel que desempeñan o imposto sobre a renda das persoas físicas e o imposto sobre sucesións e doazóns.

En calquera caso, o restablecemento do imposto ten carácter temporal xa que se prevé exclusivamente en 2011 e 2012, debéndose presentar as conseguíntes declaracións, respectivamente, en 2012 e 2013, anos nos cales se debe continuar co desenvolvemento das políticas públicas e co esforzo para reducir o déficit en todos os niveis da Administración. Desta maneira, a exixibilidade do imposto producirase o próximo 31 de decembro de 2011 e o 31 de decembro de 2012. É importante salientar que o imposto sobre o patrimonio que agora se restablece segue a ser un tributo cedido ás comunidades autónomas, polo cal recuperan de maneira efectiva a súa capacidade normativa, e a recadación corresponde a estas comunidades autónomas, o que suporá para elas a posibilidade de obter neses anos uns recursos adicionais aos que resulten do novo modelo de financiamento, que axudarán a cumprir os obxectivos antes citados.

Loxicamente, a supresión futura deste imposto ou a creación doutro de natureza estatal non implicará compensación adicional ás comunidades autónomas, posto que xa foron compensadas de maneira definitiva coa consignación ao seu favor de arredor de 2.100 millóns de euros no ano base do modelo do actual sistema de financiamento.

En canto á figura xurídica a través da cal se aproba esta medida, débese destacar que non se introducen modificacións substanciais na estrutura do imposto, que se reactiva eliminándose a bonificación estatal ata o de agora existente e recuperando os elementos

do tributo que foron obxecto dunha eliminación técnica nese momento. Porén, e para dotar de coherencia o tributo e reforzar o seu carácter extraordinario e dirixido a obter a contribución dun número relativamente reducido de contribuíntes cunha especial capacidade económica, eleváronse os importes da exención parcial da vivenda habitual e do mínimo exento, aínda que hai que lembrar que as comunidades autónomas posúen amplas competencias normativas sobre este último aspecto, e programouse a exixibilidade do tributo durante os dous anos antes apuntados.

De igual modo cómpre sinalar que, á vista da situación económica e orzamentaria, faise necesaria a adopción da medida de maneira inmediata, para garantir a obtención de ingresos nos dous próximos exercicios co fin de asegurar os obxectivos de estabilidade asumidos por España.

A urxencia na aprobación destas normas xustifícase, ademais, pola necesidade de deixar un tempo suficiente para as comunidades autónomas poderen exercer, se así o desexaren, as súas competencias normativas neste escenario de recuperación do imposto.

Neste caso, é tamén necesario que os contribuíntes que o van ser polo imposto poidan ter coñecemento coa maior antelación posible das obrigas xeradas neste ano e que lles serán exixibles o ano que vén, con respecto ao que corre.

O conxunto das anteriores circunstancias fai que conorra a extraordinaria e urxente necesidade que exige o artigo 86 da Constitución.

En virtude de todo isto, facendo uso da autorización contida no mencionado artigo 86 da Constitución española, por proposta da ministra de Economía e Facenda, e logo de deliberación do Consello de Ministros, na súa reunión do día 16 de setembro de 2011,

#### DISPOÑO:

**Artigo único.** *Modificación da Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio.*

Primeiro. Introdúcense as seguintes modificacións na Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio:

Un. Modifícase o número nove do artigo 4, que queda redactado da seguinte forma:

«Nove. A vivenda habitual do contribuínte, segundo se define no artigo 68.1.3.º da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio, ata un importe máximo de 300.000 euros.»

Dous. Engádesse un novo artigo 6, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 6. *Representantes dos suxeitos pasivos non residentes en España.*

Un. Os suxeitos pasivos non residentes en territorio español estarán obrigados a nomear unha persoa física ou xurídica con residencia en España para que os represente ante a Administración tributaria en relación coas súas obrigas por este imposto, cando operen por mediación dun establecemento permanente ou cando, pola contía e características do patrimonio do suxeito pasivo situado en territorio español, así o requira a Administración tributaria, e a comunicar tal nomeamento, debidamente acreditado, antes da fin do prazo de declaración do imposto.

Dous. O incumprimento da obriga a que se refire o número un constituirá unha infracción tributaria grave e a sanción consistirá en multa pecuniaria fixa de 1.000 euros.

A sanción imposta conforme os parágrafos anteriores graduarase incrementando a contía resultante nun cento por cento se se produce a comisión repetida de infraccións tributarias.

A sanción imposta de acordo co previsto neste punto reducirase conforme o disposto no número 3 do artigo 188 da Lei xeral tributaria.

Tres. En todo caso, o depositario ou xestor dos bens ou dereitos dos non residentes responderá solidariamente do ingreso da débeda tributaria correspondente a este imposto polos bens ou dereitos depositados ou cuxa xestión teña encomendada, nos termos previstos no artigo 42 da Lei xeral tributaria.»

Tres. Modifícase o artigo 28, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 28. *Base liquidable.*

Un. No suposto de obriga persoal, a base imponible reducirase, en concepto de mínimo exento, no importe que fose aprobado pola comunidade autónoma.

Dous. Se a comunidade autónoma non regulase o mínimo exento a que se refire o número anterior, a base imponible reducirase en 700.000 euros.

Tres. O mínimo exento sinalado no punto anterior será aplicable no caso de suxeitos pasivos non residentes que tributen por obriga persoal de contribuír e aos suxeitos pasivos sometidos á obriga real de contribuír.»

Catro. Modifícase o artigo 33, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 33. *Bonificación da cota en Ceuta e Melilla.*

Un. Se entre os bens ou dereitos de contido económico computados para a determinación da base imponible figurar algún situado, ou que se debería exercer ou cumprir, en Ceuta e Melilla e nas súas dependencias, bonificarase no 75 por cento a parte da cota que proporcionalmente corresponda aos mencionados bens ou dereitos.

A anterior bonificación non será de aplicación aos non residentes nas citadas cidades, salvo polo que se refira a valores representativos do capital social de entidades xurídicas domiciliadas e con obxecto social nas citadas cidades ou cando se trate de establecementos permanentes situados nelas.

Dous. A comunidade autónoma, de acordo co previsto na Lei 22/2009, do 18 de decembro, pola que se regula o sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía e se modifican determinadas normas tributarias, poderá establecer deducións neste imposto, que resultarán compatibles coas establecidas polo Estado sen que poidan supor a súa modificación, e que se aplicarán con posterioridade ás estatais.»

Cinco. Engádesse un novo artigo 36, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 36. *Autoliquidación.*

Un. Os suxeitos pasivos están obrigados a presentar declaración, a practicar autoliquidación e, de ser o caso, a ingresar a débeda tributaria no lugar, forma e prazos que determine o titular do Ministerio de Economía e Facenda.

Dous. O pagamento da débeda tributaria poderase realizar mediante entrega de bens integrantes do patrimonio histórico español que estean inscritos no Inventario Xeral de Bens Mobles ou no Rexistro Xeral de Bens de Interese Cultural, de acordo co disposto no artigo 73 da Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español.»

Seis. Engádesse un novo artigo 37, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 37. *Persoas obrigadas a presentaren declaración.*

Están obrigados a presentar declaración os suxeitos pasivos cuxa cota tributaria, determinada de acordo coas normas reguladoras do imposto e unha vez

aplicadas as deducións ou bonificacións que procedan, resulte a ingresar, ou cando, non dándose esta circunstancia, o valor dos seus bens ou dereitos, determinado de acordo coas normas reguladoras do imposto, resulte superior a 2.000.000 euros.»

Sete. Engádesse un novo artigo 38, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 38. *Presentación da declaración.*

O titular do Ministerio de Economía e Facenda poderá aprobar a utilización de modalidades simplificadas ou especiais de declaración.

A declaración efectuarase na forma, prazos e modelos que estableza o titular do Ministerio de Economía e Facenda, que poderá establecer os supostos e as condicións de presentación das declaracións por medios telemáticos.

Os suxeitos pasivos deberán consignar a totalidade dos datos que os afecten contidos nas declaracións, xuntar os documentos e xustificantes que se establezan e presentalas nos lugares que determine o titular do Ministerio de Economía e Facenda.»

Segundo. Con efectos desde o 1 de xaneiro de 2013, introdúcese as seguintes modificacións na Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio:

Un. Modifícase o artigo 33, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 33. *Bonificación xeral da cota íntegra.*

Sobre a cota íntegra do imposto aplicarase unha bonificación do cento por cento aos suxeitos pasivos por obriga persoal ou real de contribuír.»

Dous. Derróganse os artigos 6, 36, 37 e 38.

**Disposición derradeira primeira.** *Título competencial.*

Este real decreto lei dítase ao abeiro do establecido no artigo 149.1.14.<sup>a</sup> da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de Facenda xeral e débeda do Estado.

**Disposición derradeira segunda.** *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 16 de setembro de 2011.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO